



Forte s/n  
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)  
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052  
Fax: 981 513 000  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

## **EXPEDIENTE 2022/A002/000003. Plan de emprego local (PEL). Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para as comisións organizadoras de festas patronais e populares**

### **Primeira. Obxecto da convocatoria**

Constitúe o obxecto destas bases contribuir á reactivación económica, á xeración de recursos económicos e á promoción e mantemento do emprego, no sector empresarial do mundo do espectáculo e movemento cultural, e en concreto, do sector das orquestras e verbenas, que por tradición se veñen celebrando en emprazamentos ao aire libre no termo municipal de Boqueixón, para contratar orquestras para as ditas festas patronais e populares.

### **Segunda. Financiamento**

O crédito para financiar as axudas reguladas nestas bases será integramente financiado por parte da Deputación Provincial da Coruña (BOP n.º 140 do 26 de xullo do 2022 - Concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa de axudas ao sector das orquestras e as verbenas (PEL-Concellos OV).

### **Terceira. Destinatarios**

Serán destinatarias desta axuda as comisións organizadoras de festas patronais e populares do Concello de Boqueixón que cumpran os seguintes requisitos:

- 1 Dispoñer de personalidade xurídica e capacidade de obrar acreditada mediante a asignación pola Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado do correspondente número de identificación fiscal (CIF/NIF)
- 2 Carecer de fins de lucro.
- 3 Figurar inscritas no Rexistro municipal de asociacións e desenvolver as súas actividades no Concello de Boqueixón.
- 4 Non ter pendente de xustificar ningunha subvención ou axuda ante o concello no que desenvolve a súa actividade para o mesmo obxecto para o que solicita a axuda.
- 5 Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas, co concello e coa seguridade social.
- 6 Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.

Preténdese así, contribuir á reactivación económica e o mantemento do emprego do sector empresarial das orquestras e verbenas, mediante o apoio as asociacións, ou comisións de festas para a celebración de festas mantendo as tradicións populares, a promoción da música en directo e a ampliación da oferta cultural en galego.

As actividades subvencionadas deberán desenvolverse no termo municipal de Boqueixón.

#### **Cuarta. Requisitos das orquestras que se van contratar**

As empresas titulares de orquestras que se van contratar deberán cumprir cos requisitos seguintes:

- Ter o seu domicilio fiscal e social en Galicia.
- Ter unha antigüidade mínima de 2 anos de exercicio continuado na actividade, a considerar dende a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (31.05.2022), segundo a información recollida no certificado de situación censual da entidade.
- Declarar responsablemente que ten unha composición mínima de 6 membros, dos cales polo menos 4, deberán na súa actuación tocar un instrumento musical.
- Declarar responsablemente que o 80 por cento da súa actividade céntrase na organización de espectáculos e actuacións musicais en vivo.

#### **Quinta. Exclusiones**

Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega. Os proxectos subvencionados deberá ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartelería, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

#### **Sexta. Gastos subvencionables**

1 O importe da achega destinarase a subvencionar os gastos realizados polas comisións organizadoras de festas patronais e populares que por tradición se veñen celebrando en emprazamentos ao aire libre no termo municipal, para contratar orquestras para as ditas festas patronais e populares.

2 Estas comisións deberán dispoñer de capacidade xurídica e fiscal de conformidade co disposto na base terceira.

3 O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade.

4 A empresa que facture os bens ou servizos debe estar dada de alta na actividade económica correspondente aos bens ou servizos que prové, e recollida no Certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria, con anterioridade á data de emisión da factura

5 O importe do gasto subvencionable non poderá superar o valor razoable, segundo as normas contables nin o prezo de mercado.

6 Non se poderán utilizar intermediarios que se limiten a xestionar a compra ou o servizo, aumentando así o prezo final facturado.

### **Sétima. Período subvencionable**

As actividades obxecto deste programa deberán realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022, polo que as contratacións das orquestras deberán realizarse dentro deste período e en consecuencia, non poderán imputarse ao programa de gastos realizados con posterioridade.

### **Oitava. Importe da axuda**

As subvencións faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 924.480.00 por importe de 7.000,00 € para Subvencións asociacións. Esta contía repartirase a partes iguais entre as solicitudes presentadas e que cumpran os requisitos para obter a subvención, ata esgotar o crédito orzamentario.

Cada subvención concedida só poderá acadar o 80 por 100 dos gastos propostos.

### **Novena. Documentación a presentar**

As instancias presentaranse e formalizaranse mediante unha solicitude xeral acompañada da seguinte documentación:

1 Solicitude de subvención asinada dixitalmente polo presidente/a da comisión, achegando copia do DNI do representante e copia do CIF da comisión ou asociación organizadora dos festexos (Anexo I).

2 Proxecto-memoria descritiva da festa para a que se solicita a axuda para a contratación obxecto deste programa, asinada dixitalmente polo presidente da comisión e no que se incluírá a denominación da orquestra a contratar ou que xa foi contratada, no caso de que na data de solicitude xa tivera lugar a verbena popular e orzamento desagregado de gastos (Anexo II)

3 Aquela documentación que acredite que a orquestra contratada ou que se pretende contratar reúne os requisitos recollidos nestas bases.

4 Declaración xurada asinada dixitalmente da persoa asinante da solicitude de que reúne os requisitos non contravir o regulado nos artigos 13 e 10 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e de se obtivo ingresos ou solicitou doutro organismo algunha subvención para a realización dos mesmos programas e actividades e a contía (Anexo III).

5 Acreditación ou autorización para consulta de datos do solicitante de non ter débedas co concello de Boqueixón, coas Administracións Públicas con potestade tributaria e coa Seguridade Social. Declaración de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas, con concello e coa Seguridade Social (Anexo III).

6 Declaración responsable asinada dixitalmente de que as orquestras a contratar se lles esixirán os requisitos recollidos na base cuarta destas bases reguladoras, sen prexuízo de ter que presentar a documentación pertinente no caso de ser esixida (Anexo III).

6 Certificación asinada dixitalmente pola persoa que exerza as funcións de secretario/a e presidente/a da asociación sobre a composición da actual Xunta Directiva da comisión/asociación con expresión de nome, DNI e cargo que ocupa (Anexo IV)

### **Décima. Condicións específicas**

- 1 Cada comisión/asociación só poderá realizar unha solicitude de subvención das reguladas na presente convocatoria.
- 2 O importe do conxunto de axudas ou subvencións concedidas polas distintas administracións públicas non poderá ser superior ao orzamento presentado da asociación.
- 3 O importe total da subvención solicitada non poderá superar o 80 % do gasto previsto.
- 4 Obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención percibida en caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- 5 Obriga das Comisións beneficiarias de facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos fiscalizadores públicos no exercicio das súas funcións.
- 6 A falta de presentación da documentación xustificativa no prazo previsto nas presentes bases supón a perda da subvención concedida.
- 7 A efectos de requirimentos de documentación, o prazo que se establece para completar a mesma, reducirase a 5 días hábiles.
- 8 Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación, de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- 9 Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o que é concedida, axustándose as bases da convocatoria.
- 10 No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e identidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. (De acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil) .
- 11 Facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixeren das actividades ou investimentos subvencionados, así como na súa páxina web.
- 12 Declarar a obtención doutras axudas para a mesma finalidade .
- 13 Atender e proporcionar, no seu caso, canta información lle poida solicitar o servizo de control interno municipal do concello.
- 14 Cumprir coa obriga de dar publicidade da achega da Deputación provincial e do concello de Boqueixón. Esta obriga entenderase como mínimo dende a data de concesión e ata o pagamento da subvención.
- 15 Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e da finalidade suxeita á subvención, someténdose ás actuacións de comprobación e control, que poderá efectuar o concello de Boqueixón.
- 16 Así mesmo, as comisións beneficiarias das subvencións teñen a obriga de conservaren os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un

mínimo de catro anos, que se han contar dende a data da percepción ou cobramento da subvención, en tanto que poderán ser obxecto das correspondentes actividades de control.

17 A convocatoria será tramitada polo Departamento de Cultura do concello que terá o carácter de órgano xestor para os efectos indicados na normativa reguladora das subvencións públicas.

#### **Décimo primeira. Lugar e prazo de presentación de solicitudes**

As solicitudes deberán ser presentadas a través de medios electrónicos, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a través a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón <https://sede.boqueixon.com/opencms/es/>

Tamén poden presentarse nos lugares que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto durante 15 días hábiles dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria de subvencións no BOP, salvo aquelas comisións

Se a solicitude non comprendese algúns dos puntos previstos nos apartados anteriores, requiriráselle por escrito ao solicitante para que emende os defectos observados no prazo máximo de 5 días hábiles, quedando apercibido de que de non facelo así teráselle por desistido na súa petición e archivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

#### **Décimo segunda. Resolución**

A concesión da subvención realizarase en réxime de concorrencia non competitiva. O órgano competente ditará a resolución de concesión definitiva logo da proposta do órgano xestor, no prazo máximo de 2 meses desde a finalización do prazo para a presentación de solicitudes.

#### **Décimo terceira. Xustificación e pago**

A data límite para xustificar a subvención será o 15 de xaneiro de 2023.

A xustificación realizarase mediante a presentación da documentación sinalada a continuación na sede electrónica do Concello e deberán cumprir os seguintes requisitos:

1 Memoria, asinada dixitalmente polo presidente da Comisión de Festas da realización da actividade efectuada e para a que se solicita a axuda que inclúa unha xustificación gráfica da actividade realizada na que conste a achega da subvención por parte da Deputación da Coruña (Anexo V)

2 Facturas do gasto realizado para a contratación na que se especifiquen os conceptos expresados nos xustificantes de gasto que serán obrigatoriamente os que foran motivo da subvención. O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura. As facturas deberán cumprir cos requisitos técnicos esixidos pola normativa que regulen as características das facturas e o seu contido.

3 Xustificante bancario do pagamento das facturas correspondentes. Só se admitirán pagamentos en efectivo cando o importe da factura sexa inferior a 100,00 € e sen que poida ser obxecto de fraccionamento.

- 4 Certificación do gasto efectuado na que se relacionen as facturas indicando o número de factura, a data de factura, o nome e CIF do proveedor, o concepto e data de realización, o importe da factura con desglose de IVE e a data do pagamento (Anexo VI)
- 5 Declaración de que a subvención se destinou ós mesmos fins para os que foi solicitada e concedida a subvención (Anexo VII)
- 6 Declaración de se obtivo outros ingresos ou solicitou doutro organismo algunha subvención para a realización dos mesmos programas e actividades e a contía (Anexo VII).
- 7 No caso de concorrencia doutras axudas, subvencións ou ingresos para o mesmo obxecto, o importe que se ha xustificar será a suma de todos os ingresos obtidos.
- 8 Acreditación ou autorización para consulta de datos do solicitante de non ter débedas co Concello de Boqueixón, coas Administracións Públicas con potestade tributaria e coa Seguridade Social.
- 9 Declaración de que a entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias, estatais, autonómicas, con concello e coa Seguridade Social ( Anexo VII).
- 10 Certificación bancaria do número IBAN da comisión que solicita a subvención.
- 11 Certificación, asinada dixitalmente polo secretario da comisión de festas/asociación, co visto e praxe da Presidencia, para cada empresa titular de orquestra, no que se sinala: o domicilio fiscal e social, a antigüidade de exercicio continuado na actividade que conste no certificado censual, a composición de membros da orquestra nesta actuación e o número destes membros que tocaron instrumento musical e cal foi o instrumento que tocaron
- 12 Documentación gráfica do cumprimento da obriga de publicidade da achega provincial, de ser o caso.

Unha vez xustificada correctamente a subvención concedida, esta será aprobada pola Xunta de Goberno Local para o seu pagamento.

#### **Décimo cuarta. Control financeiro**

- 1 Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a asociación poderá ser escollida pola Secretaría-Intervención para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron outorgados, a correcta financiación da actividade e o cumprimento de todos os demais deberes formais e materiais que lle impón este convenio de colaboración.
- 2 Igualmente, conforme ao disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a asociación queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, aos procedementos de axuizamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas e calquera outro órgano de control, nacional ou europeo

#### **Décimo quinta. Regulación supletoria**

En todo o non previsto nas presentes bases, a concesión desta subvención regularase polo disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, regulamento que a desenvolve, Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e Bases de Execución do Orzamento do Concello de Boqueixón.

#### **Décimo sexta. Fin da vía administrativa**

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o alcalde deste concello, no prazo dun mes que contará dende o día seguinte de recibir a notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña.

#### **Décimo sétima. Disposición adicional**

Para os efectos de salvagarda do dereito dos participantes na presente convocatoria á protección dos seus datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, faise constar que os datos das subvencións concedidas deben quedar incorporadas ao Rexistro Público de Subvencións.